

PARA SOMETER Ó CRITERIO DOS TRABALLADORES

O día 4/11/07 tivemos reunión do Comité de Empresa no que a UGT propuxo reformar o Regulamento do Comité de empresa en dous artigos:

No artigo 3 (ORGANIZACIÓN PUNTO 1) que decía: *“Para levar a cabo o seu traballo o Comité de Empresa conta cos seguintes órganos: o pleno, o presidente, o secretario, as comisións de traballo e as asembleas de traballadores”*.

No artigo 20 (ACTAS) que di: *“As actas serán publicadas para coñecemento de todos os traballadores nos taboleiros de anuncios dos centros, independentemente de que se poidan difundir por calquera outro medio”*.

A proposta realizada consistía en suprimir no art. 3: *“e as asembleas dos traballadores”*. E no artigo 20 engadir: *“en función do que decida o Comité”*.

Como non houbo acordo a proposta foi sometida a votación:

VOTOS A FAVOR: 3 UGT + 1 CC.OO.

VOTOS EN CONTRA: 1 CIG + 1 CGT + 1 STC.

Desde a CIG entendemos que estas propostas teñen como obxectivo recortar dereitos dos traballadores de Telefónica en Lugo en canto a información que reciben e a transparencia que merecen. Intentan tamén evitar que as posicións sindicais discrepantes teñan chegada a todos os traballadores. Por ese motivo considerámolas como antidemocráticas e máis propias de dictadorzuelos que de organizacións sindicais.

Deuse ademais a circunstancia de que estes sindicatos estaban en babia e fan a proposta cando non se daban as condicións para levar a cabo a reforma de maneira legal. ¿Descoñecían o Regulamento que eles aprobaron no seu día ou son así de ineptos? A reforma do regulamento está regulada nos seguintes artigos:

Artigo 45: A proposta de reforma do presente regulamento será promovida por, polo menos, a metade máis un dos membros do Comité de Empresa.

*Artigo 46: 1- Devandita proposta será enviada ao Presidente acompañada do texto alternativo
2- O Presidente convocará unha reunión extraordinaria para someter a consideración a proposta do regulamento, achegando a convocatoria do texto proposto*

Artigo 47: Para a aprobación da reforma do regulamento esixírase un mínimo de 5 votos a favor

Artigo 48: Aprobada unha reforma do regulamento do Comité de Empresa debe pasar un mínimo de seis meses antes de poder presentarse unha nova proposta, salvo impertivo legal

Artigo 49: O novo regulamento aprobado debe ser notificado a quen proceda legalmente, e a todos os traballadores